



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Proposta de contratación no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 9 prazas de auxiliar axuda no fogar (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Proposta de nomeamento do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, de nove (9) prazas de persoal laboral fixo no posto de Auxiliar Axuda no Fogar incluídas na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000056 – AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

Rematado o antedito proceso selectivo, en quenda libre e mediante o sistema de concurso, faise pública a proposta de contratación de Dna. **María Amparo Loureiro Agrelo**, con DNI ***1686**, a Dna. **María José Mesejo Vázquez**, con DNI ***1484**, a Dna. **María Estrella Varela Vila**, con DNI ***3283**, a Dna. **María Dosinda Vázquez Eiris**, con DNI ***5738**, a Dna. **Isabel Rivera Pose**, con DNI ***5764**, a Dna. **María José Quintela Rodríguez**, con DNI ***1584**, a Dna. **Benedicta Ramos Landeira**, con DNI ***3181**, a Dna. **María José Pereiro Agrelo**, con DNI ***3269**, e a Dna. **Teresa Moreira Varela**, con DNI ***4494**, para a cobertura de nove (9) prazas de persoal laboral fixo no posto de **Auxiliar Axuda no Fogar** incluídas na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

As persoas aspirantes propostas deberá acreditar ante o Concello de Carballo, dentro do prazo de VINTE (20) DÍAS HÁBILES desde a publicación da proposta de contratación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

No caso de persoal laboral, procederase a formalización do correspondente contrato de traballo no prazo de quince (15) días hábiles a contar desde a terminación dos vinte (20) días anteriores. A contratación mencionada publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello. Unha vez publicada a contratación do persoal laboral fixo, este deberá incorporarse no prazo dun (1) mes.

En Carballo, 8 de marzo de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/1646